



## Uxío, o ben nado

---

Francisco Martínez Sánchez

Non quixera, neste ledo día do teu aniversario, querido Uxío, embazar os lazos da túa humildade tan característica; pero, se «a verdade é humildade», deixa que o meu corazón se abra ao recordo franco dos meus anos de alumno, primeiro, e de compañeiro en docencia e pastoral, á túa beira, anos mais tarde. Ti fuches peza axeitada no quebracabezas da miña educación, xunto a esa excepcional dinastía formada polos Porta, Prieto Verdes, Fernández e Fernández, Xosé Mari, Xaime, Dino, e un longo etcétera.

Amigo Uxío, a túa vida sempre estivo marcada pola coherencia e o compromiso humano e sacerdotal. E esa esencia divina, coa que o bo Deus te adornou, pola súa graza, tocounos a min e a moitísimos máis. Brindo por iso!

Sempre te recoñecín como auténtico, medularmente auténtico. Así, tiven a oportunidade de dálo a coñecer ao meu ben querido bispo en Francia, seguindo unha carta túa onde me pedías que volvese á diocese. O teu silencio posterior foi moi elocuente. Fixéchesme ver, e así ata hoxe, que a mediocridade non tivo destino na túa vida.

Estreando o meu sacerdocio, tiven a fortuna de uliscar de preto o teu «olor a ovella» nos teus tempos de cura rural de Fórnea. Foi pouco tempo, pero abondo para deixar ben estampado en min ese mundo evanxélico que levabas dentro. Outro tanto dirase do teu paso por As Pontes e Vilalba.

Dos meus tempos de estudante, recordo as túas clases ben documentadas, sen facer alardes da túa sabedoría. A ti déboche o gusto pola poesía e a Sagrada Escritura, que, grolíño a grolíño,

arribou en min. Neste intre, lémbrome dos teus poemas, na revista Estría, e das correccións que me facías nas miñas primeiras poesías, ou a ilusión que creaches en min para que ampliara estudos en Madrid e posteriormente en Lyon!

Fuches, e es, poeta orixinal. Veño de constatalo, unha vez máis, achegándome á túa alma, a través do teu libro de poemas titulado «Poemas da miña vida», que puideron conseguir por internet. Xenial.

Asceta e místico, desde aquela ata hoxe. Compromiso teu fundido na miña alma, dende a adolescencia... ata agora, xa longamente septuaxenario.

Exemplo de perseveranza, introducíndote, xa maior, no mundo da música, coa guitarra, o harmonio, a *schola* do Seminario, o Orfeón de Mondoñedo, a coral de Vilalba... Lograches que máis de un andásemos remando a través de pentagramas.

Hoxe, dende Granada, vexo a un home, ben nado, co evanxeo pegado ao seu corazón, sen arrialo xamais, ata o atardecer dos seus anos, –noventa ledos anos!–, cubertos de servizo, sabedoría e humildade, sen ambigüidades. E ese elo ti!

Un día, alá lonxe, premiaches, nun concurso, o meu slogan: «*El sacerdocio es cantar la cruz sin bajarse de tono*». Pois ben, cheo de gozo, «devólvoche» agora o premio, porque ti, músico excepcional, xamais te baixaches de ton ao cantar, a diario, o teu sacerdocio.

Graciñas, Uxío, *Eugenio*, o ben nado! Pido ao noso Pai do Ceo que nos conceda a graza de chegar a festexar ledamente o teu centenario. Polo menos que nolo conceda a cantos quixemos emularte e quedamos no camiño...

**Francisco Martínez Sánchez**